



ESTADÍAS PREDOUTORAIS INDITEX-UDC 2020

Novo prazo para a realización das estadías

A crecente gravidade da situación derivada da COVID-19 e a imprevisible evolución da pandemia no ámbito internacional dificultan en gran medida a realización das estadíasno prazo establecido na **Resolución definitiva das axudas para estadías predoutorais Inditex-UDC 2020**, publicada o 7 de xullo de 2020, na que se ampliaba o prazo para realizar ditas estadías ata o **30 de xuño de 2021**.

Neste sentido, a EIDUDC ven recibindo solicitudes dunha nova ampliación de prazo de modo que se habilite a maior parte do verán para a realización da estadía, dado que é o período no que hai menos reticencias nos centros de investigación para a acollida de estudiantes.

Porén, esta ampliación debe conciliarse coa xestión dos trámites administrativos e económicos tras o remate da estadía, contando para iso co período necesario para que se poida garantir que o alumnado perciba o 30% restante da axuda concedida.

En consecuencia, esta vicerreitoría

RESOLVE:

1. Ampliar o prazo de realización da estadía ata o **30 de setembro de 2021**.
2. Establecer como data máxima do cumprimento da obriga referida no punto 10.e. da convocatoria (entrega da seguinte documentación: Informe do traballo realizado na estadía; certificado da estadía emitido polo/a representante legal da institución ou centro de destino; certificado de gastos, no caso de se complementaren os custos da estadía con cargo a proxectos ou outros o fondos de investigación) o **15 de outubro de 2021**.

No caso de non cumplir con esta obriga no prazo establecido, perderase o dereito a percibir o 30% da axuda concedida.

A vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente
Asdo.: Nancy Vázquez Veiga